



Concello da Laracha
Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413
C.I.F. P-1504200-E
www.alaracha.es

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-

ASUNTO: CONVOCATORIA: AXUDAS PARA O FOMENTO DO EMPREGO MEDIANTE O IMPULSO DA ACTIVIDADE ECONÓMICA NO TERMO MUNICIPAL DA LARACHA, PARA PALIAR OS EFECTOS DO COVID-19

EXPEDIENTE: 2021/G003/000170

ANTECEDENTES:

Tendo en conta o elevado número de solicitudes presentadas, así como o procedemento administrativo de xustificación cada solicitude, sendo necesarios numerosos requerimentos para a subsanación de documentación.

A base preve no seu artigo **11**”.- *Xustificación das axudas. No prazo de dous meses dende que se cumbran os 6 meses da finalización do Estado de alarma decretado no RD 463/2020, de 14 de marzo, o beneficiario deberá xustificar a subvención recibida con facturas efectivamente pagadas no período comprendido entre o 01.01.2020 e o 31.12.2020...*”

Porén esta Administración entende que se dan as condicións para a ampliación do prazo para a xustificación das axudas no expediente de concesión de axudas para o fomento do emprego mediante o impulso da actividade económica no termo municipal da Laracha, para paliar os efectos do COVID 19: Liña de axudas para empresarios/as obrigados a suspender a apertura ao público ou que sufriron minoración da súa facturación segundo R.D. 463/2020 de 14 de marzo (2020/A 002/000003), e de conformidade co artigo 32 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas,

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar a ampliación do prazo *prevista na base 11.- Xustificación das axudas* no expediente núm2020/A 002/000003), nun mes, establecendo como prazo máximo de xustificación o **20 de marzo de 2021.**

SEGUNDO. Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia da Coruña

Asinado dixitalmente polo sr. Alcalde, José Manuel López Varela, do que eu secretario, Miguel Piñeiro Souto, dou fe.

